

obradoiro de artesanía

Publicación semestral de Artesanía de Galicia / Publicación semestral de Artesanía de Galicia. nº8 xullo / julio 2011

XUNTA DE GALICIA

ARTESANÍA
DE GALICIA





Javier Guerra Fernández
Conselleiro de Economía e Industria

Presentámosvos unha edición moi especial da revista “Obradoiro de Artesanía”, un novo número no que, coma sempre, tratamos de dar a coñecer a riqueza e a calidade que caracterizan o noso sector artesán, no que conviven oficios tradicionais con novas formas de facer artesanía, coa incorporación do deseño e das novas tecnoloxías, ao tempo que conviven profesionais de xeracións moi diversas: dende grandes mestres que contan coa experiencia e o saber de toda unha vida de oficio ata artesáns máis novos que lle dan ao sector unha nova ollada fresca e contemporánea.

E nun lugar moi destacado deste sector atopáronse durante anos dous grandes mestres que nos deixaron este ano 2011 e que nos gustaría lembrar nesta revista: o ourive compostelán Eloy Gesto, a quen xa se lle dedicou unha ampla reportaxe no número 4 desta publicación e cuxas pezas expuxemos en Santiago de Compostela e en Vigo a través da mostra Tesouros Privados, e mais o oleiro Indalecio Lombao de Bonxe, un dos artesáns aos que lle debemos que hoxe en día esta parroquia do concello de Outeiro de Rei (Lugo) sexa un dos catro centros oleiros tradicionais en activo de Galicia, xunto con Buño, Gundivós e Niñodaguía.

Quixemos achegarnos tamén á olería de Bonxe a través dunha ampla reportaxe sobre o traballo de Pepa Lombao, filla de Indalecio, e o recentemente estreado Museo da Olería, xestionado tamén por esta artesá co obxectivo de crear un espazo de promoción e conservación desta tradición oleira.

En canto ao resto de contidos, contamos neste número con reportaxes sobre o obradoiro de coiro Media Lúa, que estrea tenda taller en Compostela ou os artesáns téxtiles de Belategui Regueiro, presentamos o proxecto Enredando, artesanía na Escola, unha iniciativa que puxemos en marcha co obxectivo de achegarlle o sector da artesanía aos máis novos. Quixémonos achegar tamén a un oficio moi descoñecido en Galicia, a plumería, a través da recoñecida artesá francesa Nelly Saunier, que veu impartir un curso da Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño a finais do ano pasado. E, por último, incluímos tamén nesta nova edición varias propostas de incorporación da artesanía ao deseño de moda, a través das reflexións da profesora Silvia García González e mais dunha reportaxe sobre o encontro entre deseñadores e palilleiras que organizamos durante a celebración da Mostra do Encaixe de Camariñas, dirixido polo deseñador galego José Castro co obxectivo de abrir novas perspectivas na creación de pezas de artesanía contemporánea, así como a colaboración da artesanía con outras disciplinas.

Os presentamos una edición muy especial de la revista “Obradoiro de Artesanía”, un nuevo número en el que, como siempre, tratamos de dar a conocer la riqueza y calidad que caracterizan a nuestro sector artesano, en el que conviven oficios tradicionales con nuevas formas de hacer artesanía, la incorporación del diseño y las nuevas tecnologías, a la vez que conviven profesionales de generaciones muy diversas: desde grandes maestros que cuentan con la experiencia y el saber de toda una vida de oficio hasta artesanos más jóvenes que dan al sector una nueva mirada fresca y contemporánea.

Y en un lugar muy destacado de este sector se han encontrado durante años dos grandes maestros que nos han dejado este año 2011 y que nos gustaría recordar en esta revista: el orfebre compostelano Eloy Gesto, a quien ya se le dedicó un amplio reportaje en el número 4 de esta publicación y cuyas piezas expusimos en Santiago de Compostela y Vigo a través de la muestra Tesouros Privados, y el alfarero Indalecio Lombao de Bonxe, uno de los artesanos a los que debemos que hoy en día esta parroquia del ayuntamiento de Outeiro de Rei (Lugo) sea uno de los cuatro centros alfareros tradicionales en activo de Galicia, junto con Buño, Gundivós y Niñodaguía.

Hemos querido acercarnos también a la alfarería de Bonxe a través de un amplio reportaje sobre el trabajo de Pepa Lombao, hija de Indalecio, y el recientemente estrenado Museo da Olería, gestionado también por esta artesana con el objetivo de crear un espacio de promoción y conservación de esta tradición alfarera.

En cuanto al resto de contenidos, contamos en este número con reportajes sobre el taller de cuero Media Lúa, que estrena tienda taller en Compostela, o los artesanos textiles de Belategui Regueiro, presentamos el proyecto Enredando, artesanía na Escola, una iniciativa que hemos puesto en marcha con el objetivo de acercar el sector de la artesanía a los más jóvenes. Nos hemos querido acercar también a un oficio muy desconocido en Galicia, la plumería, a través de la reconocida artesana francesa Nelly Saunier, que vino a impartir un curso de la Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño a finales del año pasado. Y, por último, incluímos también en esta nueva edición varias propuestas de incorporación de la artesanía al diseño de moda, a través de las reflexiones de la profesora Silvia García González así como un reportaje sobre el encuentro entre diseñadores y encajeras que organizamos durante la celebración de la Mostra do Encaixe de Camariñas, dirixido por el diseñador gallego José Castro con el objetivo de abrir nuevas perspectivas en la creación de piezas de artesanía contemporánea, así como la colaboración de la artesanía con otras disciplinas.



sumario

- 2 Saúda / Saluda: Javier Guerra Fernández, Conselleiro de Economía e Industria
- 4 Bonxe, o saber do barro / Bonxe, la sabiduría del barro
- 14 A música do tecido / La música del tejido
- 22 Lúa nova / Luna nueva
- 28 Nelly Saunier mestra de arte. Unha plumassière en Galicia / Nelly Saunier maestra de arte. Una plumassière en Galicia
- 36 Espazos On&Off da Cidade da Cultura / Espacios On&Off de la Cidade da Cultura
- 44 A memoria das texturas / La memoria de las texturas
- 52 Enredando, artesanía na escola / Enredando, artesanía en la escuela
- 58 José Castro, internacionalizando o encaixe / José Castro, internacionalizando el encaje

Edición

Xunta de Galicia
Consellería de Economía e Industria
Dirección Xeral de Comercio

Coordinación

María Guerreiro
Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño
L25MN Área Central 15707 Santiago de Compostela
Tel.: 881 999 523 Fax 881 999 170
e-mail: prensa.artesania@xunta.es
www.artesaniadegalicia.org

Maquetación, realización

DARDO
dardo@dardo-ds.com

Redacción

María Guerreiro, Eliana Martins, (DARDO)

Fotografía

Carmen Aboy, Eduardo Armada, Miguel Calvo, Cenlitrosmetrocadrado,
Manuel G. Vicente, Óscar Montero e contribucións dos artesáns

D.L.: C-4788-2008

obradoiro de artesanía



XUNTA DE GALICIA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio



FUNDACIÓN CENTRO GALEGO
DA ARTESANÍA E DO DESEÑO

ARTESANÍA  DE GALICIA



BONXE, O SABER DO BARRO

BONXE, LA SABIDURÍA DEL BARRO

Pepa, ou Pepita, como lle chaman os veciños, non é a última oleira de Bonxe, aínda que así o pareza. De momento é a que está, di ela, pero ten confianza en que o oficio non esmorecerá con ela, e xa oíu moitas veces a outros, entre eles o seu propio pai, asegurar que eran os últimos oleiros, e Pepa Lombao é a confirmación de que os cacharros desta vila lucense aínda teñen moito percorrido.

Pepa, o Pepita, como la llaman sus vecinos, no es la última alfarera de Bonxe, aunque así lo parezca. De momento es la que está, como dice ella, pero mantiene la confianza en que el oficio no morirá con ella, y ya había oído muchas veces a otros, entre ellos a su propio padre, asegurar que eran los últimos alfareros, y Pepa Lombao es la confirmación de que los cacharros de este pueblo lucense aún tienen mucho recorrido.

Bonxe foi unha terra de oleiros, aínda que hoxe o seu futuro está máis comprometido. Pepa Lombao mantén o único obradoiro de olería tradicional nesta vila situada no concello de Outeiro de Rei (Lugo), un oficio que lle chegou das mans de seu pai e da propia historia. Consta na documentación que a olería ten unha antigüidade de máis de trescentos anos en Bonxe, grazas a rexistros nos que se recollían os cobros pola extracción de barro na zona de San Lourenzo. Con el facíanse uns cacharros que tiñan unha finalidade eminentemente práctica, xa que eran empregados no día a día para os quefaceres domésticos. Case a totalidade dos veciños da zona dedicábanse ao torneado, actividade que compaxinaban con outras, como a agricultura e a gandería.

“E a música, tamén se preocupaban de ensinarlle solfexo aos nenos para ter músicos nas súas bandas”, apunta Pepa. E entre as familias de Bonxe estaban os Lombao, que foron transmitindo o oficio que hai trinta anos recolleu Pepa. Coa chegada de novos materiais coma o plástico na segunda metade do século XX, a olería comeza o seu declive, e en Bonxe unicamente un veciño, Manuel de María, continuou a darlle voltas ao torno,

Bonxe ha sido una tierra de alfareros, aunque hoy su futuro está más comprometido. Pepa Lombao mantiene el único taller de alfarería tradicional en este pueblo situado en el ayuntamiento de Outeiro de Rei (Lugo), un oficio que le llegó de manos de su padre y de la propia historia. Consta en la documentación que la alfarería tiene una antigüedad de más de trescientos años en Bonxe, gracias a registros en los que se recogían los cobros por la extracción de barro en la zona de San Lourenzo. Con él se hacían unos cacharros que tenían una finalidad eminentemente práctica, ya que eran utilizados en el día a día para los quehaceres domésticos. Casi la totalidad de los vecinos de la zona se dedicaba al torneado, actividad que compaginaban con otras, como la agricultura y la ganadería.

“Y la música, también se preocupaban de enseñarle solfeo a los niños para tener músicos en sus bandas”, apunta Pepa. Y entre las familias de Bonxe estaban los Lombao, que fueron transmitiendo el oficio que hace treinta años recogía Pepa. Con la llegada de nuevos materiales como el plástico en la segunda mitad del siglo XX, la alfarería empieza su declive, y en Bonxe únicamente un vecino, Manuel de María, continuó dándole vueltas al torno,

“Estou desexando que alguén chegue e diga que quere facer olería en Bonxe, que conserve o oficio, que se empape da olería tradicional e que a partir de aí, el cree, porque a min paréceme lóxico que cada un queira achegar algo persoal ao seu traballo”



“Estoy deseando que alguien llegue y diga que quiere hacer alfarería en Bonxe, que conserve el oficio, que se empape de la alfarería tradicional y que a partir de ahí, él cree, porque me parece lógico que cada uno quiera aportar algo personal a su trabajo”

“Eu defendo o oficio, facer peza a peza, porque iso é o que lle dá singularidade, a peza única”

“Yo defiendo el oficio, hacer pieza a pieza, porque eso es lo que da singularidad, la pieza única”



cocendo unha vez ao ano. No 1973, tras a xubilación, Indalecio, o pai de Pepa, retomou a roda, coincidindo cunha época na que se comezaba a recuperar o interese pola olería. Daquela, Pepa, regresaba a Bonxe con vinte e dous anos, e atopou esta situación semellante á de cando era cativa. “Foi como volver topar con todo, co oficio, e deume cobiza o torno, porque aquí as mulleres nunca torneaban, iso era cousa de homes”, e foi aprendendo de seu pai e mais cursou a especialidade de cerámica na Escola de Artes e Oficios de Lugo.

“Vaste enganando a este traballo, pero tamén é un pouco de responsabilidade co que deixaron os teus antepasados”, por iso tamén se mostra plenamente disposta a transmitir ese oficio a quen o queira aprender. De feito, comenta que este verán unha rapaza de Bonxe vai aproveitar para coñecer das mans da propia Pepa o traballo da olería, así que non pensa que con ela se vaia extinguir este oficio. “Estou desexando que alguén chegue e diga que quere facer olería en Bonxe, que conserve o oficio, que se empape da olería tradicional e que a partir de aí, el cree, porque a min paréceme lóxico que cada un queira achegar algo persoal ao seu traballo”, unha evolución que para Pepa ten as bases no dominio da tradición.

“Eu sempre digo que hai que evolucionar, pero que esa evolución ten que ser recoñecible, non podemos perder a identidade e que non se recoñeza que a peza é dun sitio.

cociendo una vez al año. En 1973, tras la jubilación, Indalecio, el padre de Pepa, retomó la rueda, coincidiendo con una época en la que se empezaba a recuperar el interés por la alfarería. En aquel momento, Pepa regresaba a Bonxe con veintidós años, y encontró esta situación similar a la de cuando era pequeña. “Fue como volver a encontrarme con todo, con el oficio, y me entró el gusanillo del torno, porque aquí las mujeres nunca torneaban, eso era cosa de hombres”, y fue aprendiendo de su padre además de cursar la especialidad de cerámica en la Escuela de Artes y Oficios de Lugo.

“Te vas enganando a este trabajo, pero también es un poco de responsabilidad con lo que han dejado tus antepasados”, por eso también se muestra plenamente dispuesta a transmitir ese oficio a quien lo quiera aprender. De hecho, comenta que este verano una chica de Bonxe va a aprovechar para conocer de las manos de la propia Pepa el trabajo de la alfarería, así que no piensa que con ella vaya a extinguirse este oficio. “Estoy deseando que alguien llegue y diga que quiere hacer alfarería en Bonxe, que conserve el oficio, que se empape de la alfarería tradicional y que a partir de ahí, él cree, porque me parece lógico que cada uno quiera aportar algo personal a su trabajo”, una evolución que para Pepa tiene las bases en el dominio de la tradición.

Gustaríame unha evolución partindo desas formas tradicionais. É a única forma de conservar as olerías, senón acaban sendo centros de traballo, deixan de ter esa identidade oleira". Isto non significa renunciar á modernidade, á creación de artigos contemporáneos, senón todo o contrario. Para Pepa, a olería está unida á súa utilidade, e como tal, tivo que procurar cales son eses usos que hoxe pode ter a peza de barro, e así van desde os xogos de café ata bases para pantallas de plasma, ou os agasallos de empresa. Parte do valor da peza artesá está no propio valor do feito á man como factor diferencial, "temos que aprender a querernos nós, a querer o que temos; a partir de aí podes ir con orgullo cunha ola, cunha nateira ou cunha peza evolucionada, pero que conserva esa maneira de facer, esa calidade do barro, esas tonalidades... Eu defendo o oficio, facer peza a peza, porque iso é o que lle dá singularidade, a peza única".

De feito, as propias pezas foron cambiando co tempo, xa que unha vez que os novos materiais foron entrando no mercado, os oleiros tiveron que coidar máis os seus produtos. Así, Pepa sinala que a decoración dos cacharros é bastante recente, porque antigamente realizábanse tantos que non había tempo para decorar nin para arranxar as pezas por debaixo. "A medida que foi deixando de ser tan útil, os oleiros déronse de conta de que a peza tiña que ser máis atractiva para que gustase máis".

"Yo siempre digo que hay que evolucionar, pero que esa evolución tiene que ser reconocible, no podemos perder la identidad y que no se reconozca que la pieza es de un sitio. Me gustaría una evolución partiendo de esas formas tradicionales. Es la única manera de conservar las alfarerías, sino acaban siendo centros de trabajo, dejan de tener esa identidad alfarera". Esto no significa renunciar a la modernidad, a la creación de artículos contemporáneos, sino todo lo contrario. Para Pepa, la alfarería está unida a su utilidad, y como tal, tuvo que buscar cuáles son esos usos que hoy puede tener la pieza de barro, y así va desde los juegos de café hasta bases para pantallas de plasma, o los regalos de empresa. Parte del valor de la pieza artesana está en el propio valor de lo hecho a mano como factor diferencial, "tenemos que aprender a querernos nosotros, a querer lo que tenemos; a partir de ahí puedes ir con orgullo con una olla, una natera o una pieza evolucionada, pero que conserva esa manera de hacer, esa calidad del barro, esas tonalidades... Yo defiendo el oficio, hacer pieza a pieza, porque eso es lo que da singularidad, la pieza única".

De hecho, las propias piezas han ido cambiando con el tiempo, ya que una vez que los nuevos materiales fueron entrando en el mercado, los alfareros tuvieron que cuidar más sus productos. Así, Pepa señala que la decoración de los cacharros es bastante reciente, porque antiguamente se realizaban tantos que no había tiempo para decorar ni para arreglar las piezas por debajo. "A medida que fue dejando de ser tan útil, los alfareros se dieron cuenta de que la pieza tenía que ser más atractiva para que gustara más".



Josefa Lombao
Bonxe 17, Outeiro de Rei
Tel.: +34 982 393 399
pepabonxe@gmail.com
<http://pepabonxe.blogspot.com>
Carta de artesá / Carta de artesana nº 307
Obradoiro artesán / Taller artesano nº 359

“Gustaríame unha evolución partindo desas formas tradicionais. É a única forma de conservar as olerías”

ENSINAR O PROCESO

Nas feiras ás que asiste esta artesá, dáse unha situación curiosa: a miúdo, hai xente que opina que as pezas son caras. Esta opinión invértese no momento no que a venda se produce no obradoiro. Alí, Pepa Lombao pode ensinar todo o que hai detrás, os dous barros cos que traballa, as mesturas, o torneado, a cocción... “E xa non é caro”, apunta, “hai que ensinarlle ese valor que ten á xente dunha maneira moi didáctica”. Por iso combina a actividade produtiva coa de divulgación, xestionando ela mesma o Museo da Olería de Bonxe, que comparte sede co obradoiro, e que foi inaugurado en marzo deste ano. Un percorrido no que se atopan pezas de distintos oleiros e épocas, algunhas con máis de tres séculos ás costas, e con paneis explicativos que ilustran sobre o oficio e as pezas tradicionais. Pezas que tiñan usos moi específicos e que serven para coñecer mellor unha época non moi distante no tempo, pero que moito ten cambiado. Hoxe en día, non é preciso contar con olas para medir os dezaseis litros de viño, nateiras para facer manteiga, ou pezoneiras coas que as mulleres tiraban o leite do peito. “Cando veñen excursións de nenos gústame moito, porque cando lles explicas a utilidade das pezas caen na conta de que as formas non son por capricho, de que eran así porque era necesario para a súa utilidade. E así estamos transmitindo a nosa forma de vivir e a nosa cultura tradicional”.

“Me gustaría una evolución partiendo de esas formas tradicionales. Es la única manera de conservar las alfarerías”

ENSEÑAR EL PROCESO

En las ferias a las que asiste esta artesana, se produce una situación curiosa: a menudo, hay gente que opina que las piezas son caras. Esta opinión se invierte en el momento en el que la venta se produce en el taller. Allí, Pepa Lombao puede enseñar todo lo que hay detrás, los dos barro con los que trabaja, las mezclas, el torneado, la cocción... “Y ya no es caro”, apunta, “hay que enseñar a la gente ese valor que tiene de una manera muy didáctica”. Por eso combina la actividad productiva con la de la divulgación, gestionando ella misma el Museo da Olería de Bonxe, que comparte sede con el taller, y que fue inaugurado en marzo de este año. Un recorrido en el que se encuentran piezas de distintos alfareros y épocas, algunas con más de tres siglos a cuestas, y con paneles explicativos que ilustran acerca del oficio y las piezas tradicionales. Piezas que tenían usos muy específicos y que sirven para conocer mejor una época no muy distante en el tiempo, pero que ha cambiado mucho. Hoy en día, no es necesario contar con una olla para medir los dieciséis litros de vino, nateras para hacer mantequilla, o pezoneras con las que las mujeres extraían leche del pecho. “Cuando vienen excursiones de niños me gusta mucho, porque cuando les explicas la utilidad de las piezas se dan cuenta de que las formas no son por capricho, de que eran así porque era necesario para su utilidad. Y así estamos transmitiendo nuestra forma de vivir y nuestra cultura tradicional”.



FERRAMENTAS PARA EXTRAER E PREPARAR O BARRO / HERRAMIENTAS PARA EXTRAER Y PREPARAR EL BARRO



1



2



3



4



5



6

1 > ESPETO / 2 > MACICO / 3 > EIXADA PEQUENA
4 > EIXAL / 5 > PÁ / 6 > CESTA

A OLERÍA DE BONXE

A olería desta vila lucense conta con máis de tres séculos de antigüidade, e practicamente en cada casa sabíase torneiar. Por iso conta cunhas características ben definidas, comezando polo propio barro. Procede de mesturar dúas calidades diferentes, unha de Bonxe e outra variante que se obtén na parroquia próxima de San Lourenzo. Pepa Lombao realiza extraccións cada oito anos e almacénao ao aire libre. Despois vanse mesturando, para que teña a textura adecuada e de aí que teña esa especial calidade para gardar líquidos.

O paso seguinte é o modelado no torno de eixo alto. Está constituído polas rodas, o eixo, o sentadoiro onde se sitúa o oleiro e mais o tranqueiro, unha travesa de madeira na que apoia o pé dereito mentres o esquerdo impulsa a roda baixa. No taboleiro frontal sitúanse as ferramentas que usan no torneado, que son a canaveira (en forma de media lúa, empregábase a parte recta para decorar e a curva para darlle forma ao colo); o isope da roda (pincel para decorar), o arame de raer (co que se despegaba a peza do torno); e a cunca (recipientes para conter a auga ou o engobe para decorar). Neste momento tamén se decoran as pezas, cun barro branco e empregando motivos como as medias lúas ou as pinquiñas, e algunhas tamén se vitrifican.

Unha vez que as pezas están modeladas, toca cocelas. Aínda que agora xa se adoita empregar o forno de gas, nesta ocasión tamén se emprega o antigo forno de leña. De feito, os alumnos do curso do Centro de Artesanía de Lugo puideron realizar a finais de maio unha fornada como peche da formación que obtiveron no obradoiro de Bonxe, aínda que xa había varios anos que Pepa non o empregaba. O forno tradicional ten forma de ferradura, e no seu interior conta con dous arcos que se elevan sobre unha parte do chan, debaixo dos cales se sitúa o lume. As pezas vanse cargando no interior, desde as máis resistentes na parte inferior ás máis delicadas na superior, e polo xeral era a produción de varias semanas e incluso meses, de aí a importancia dunha correcta disposición para minimizar a rotura de pezas ao cocer. Finalmente, cóbrese con anacos planos de pezas rotas, para conservar a calor e que sexa regular no interior do forno. Nesta ocasión, varios veciños viñeron axudar como se facía antigamente, e trouxeron pezas propias para cocer, que se distinguían grazas ás marcas que cada oleiro imprimía nas súas pezas.

LA ALFARERÍA DE BONXE

La alfarería de este pueblo lucense cuenta con más de tres siglos de antigüedad, y prácticamente en cada casa se sabía tornear. Por eso cuenta con unas características bien definidas, empezando por el propio barro. Procede de la mezcla de dos calidades diferentes, una de Bonxe y otra variante que se obtiene en la parroquia cercana de San Lourenzo. Pepa Lombao realiza extracciones cada ocho años y lo almacena al aire libre. Después se van mezclando, para que tenga la textura adecuada y de ahí que tenga esa especial cualidad para guardar líquidos.

El paso siguiente es el modelado en el torno de eje alto. Está constituido por las ruedas, el eje, el asiento o *sentadoiro* donde se sitúa el alfarero y el *tranqueiro*, una traviesa de madera en la que apoya el pie derecho mientras que con el izquierdo impulsa la rueda baja. En el tablero frontal se sitúan las herramientas que utilizan en el torneado, que son la *canaveira* (en forma de media luna, se empleaba la parte recta para decorar y la curva para dar forma al cuello); el isope de la rueda (un pincel para decorar), el alambre de raer (con el que se despegaba la pieza del torno); y la taza o *cunca* (recipientes para contener el agua o el engobe para decorar). En este momento también se decoran las piezas, con un barro blanco y utilizando motivos como las medias lunas o las pintas, y algunas también se vitrifican.

Una vez que las piezas están modeladas, toca cocerlas. Aunque ahora ya se suele utilizar el horno de gas, en esta ocasión también se emplea el antiguo horno de leña. De hecho, los alumnos del curso del Centro de Artesanía de Lugo pudieron realizar a finales de mayo una hornada como cierre de la formación que obtuvieron en el taller de Bonxe, aunque ya hacía varios años que Pepa no lo empleaba. El horno tradicional tiene forma de herradura, y en su interior cuenta con dos arcos que se elevan sobre una parte del suelo, debajo de los cuales se sitúa el fuego. Las piezas van cargándose en el interior, desde las más resistentes en la parte inferior a las más delicadas en la superior, y por lo general era la producción de varias semanas e incluso meses, de ahí la importancia de una correcta disposición para minimizar la rotura de piezas en la cocción. Finalmente, se cubre con pedazos planos de piezas rotas, para conservar el calor y que sea regular en el interior del horno. En esta ocasión, varios vecinos vinieron ayudar como se hacía antiguamente, y trajeron piezas propias para cocer, que se distinguían gracias a las marcas que cada alfarero imprimía en sus piezas.





AS PEZAS, REFLEXO DUNHA ÉPOCA

As vasillas da olería de Bonxe, como as doutras tradicionais de Galicia, ten na súa base un carácter eminentemente utilitario. Cada peza contaba cun uso específico e coñecelas permiten descubrir unha época, unha forma de vida bastante recente, pero que semella perdida no tempo. Moitas destas pezas que estaban destinadas á cociña xa contaban con tres pés para empregalas directamente na lareira, senón precisaban dun trespés. No relativo á morfoloxía, xeralmente tiñan forma de pera invertida: as vasillas altas e pechadas teñen un colo estreito e uns ombros anchos, cunha base bastante estreita. Percorremos algunhas destas formas:

OLA: Unha das máis tradicionais de Bonxe, cunha capacidade polo xeral de 16 litros, moi ancha na parte central e coa base moi estreita, para gardar viño ou auga.

NATEIRA: Nesta vasilla mazábase o leite e obtíñase a manteiga. Cubríase a boca cun prato de barro cun orificio, polo que sobresaía a vara do mazo, que se facía xirar coas mans para producir a manteiga.

PORRÓN: Como característica diferenciada, o de Bonxe leva dúas asas superpostas.

CACHELEIRA: Nela poñíanse a escoar os cachelos ou patacas cocidas, e íanse collendo para comer. Ao situala sobre a pota de auga na que se coceron, o vapor mantiña as patacas quentes.

ASADEIRA: Empregábase para asar ao forno.

XARRA: De maior tamaño e máis estilizada que o xarro, empregábase para conter auga.

XARRO: Máis pequeno e barrigón, empregábase para servir o viño.

MELEIRO: Nesta vasilla contiñase o mel, e o pitorro preto da base polo que se extraía adoitaba taparse cun carozo de millo. Tiña unha canle no ombro onde se poñía auga para que non entrasen as formigas.

PUCHEIRO: De varios tamaños, para gardar auga e leite, tamén se empregaba para muxir as vacas.

PUCHEIRO ALMORCEIRO E GORRETE: o primeiro de maior tamaño que o segundo, usábanse no verán para levarlle a comida aos labregos ao lugar do traballo.

POTA: Teñen unha forma bastante baixa e barriguda, empregábanse para cociñar.

CANDIL DE ACEITE: Non tiñan unha forma estándar, xa que non se pensaban para a venda senón para o uso propio.

CHOCOLATEIRA: Habitualmente tiñan unha asa en forma de rabo que saía da barriga, e servía para facer chocolate.

SELLA: Son pezas con formas e adornos moi variados, imitando ás de madeira. Empregábase para carrexar auga, aínda que en Bonxe era máis popular a ola para este uso.

XARRA DE CAÑA: Empregábase para o viño ou a augardente, e debe o seu nome pola biquela, de forma alongada e prominente, polo que se podía beber dela directamente, como se fose un porrón. De feito algúns oleiros modelaban formas animais, como cans, nesta biquela.

BARREÑÓN: Nesta vasilla preparábase a zorza durante a matanza do porco. É das poucas pezas que podían ir decoradas cun bordo no colo e un cordón que rodeaba a superficie e que actuaban como reforzo.



LAS PIEZAS, REFLEJO DE UNA ÉPOCA

Las vasijas de la alfarería de Bonxe, como las de otras tradicionales de Galicia, tienen en su base un carácter eminentemente utilitario. Cada pieza contaba con un uso específico y conocerlas permite descubrir una época, una forma de vida bastante reciente, pero que parece perdida en el tiempo. Muchas de estas piezas que estaban destinadas a la cocina ya contaban con tres pies para utilizarlas directamente sobre el fuego, si no necesitaban un soporte. En lo relativo a la morfología, generalmente tenían forma de pera invertida: las vasijas altas y cerradas tienen un cuello estrecho y unos hombros anchos, con una base bastante estrecha. Recorremos algunas de estas formas:



OLLA: Una de las más tradicionales de Bonxe, con una capacidad por lo general de dieciséis litros, muy ancha en la parte central y con la base muy estrecha, para guardar vino o agua.

NATERA: En esta vasija se mazaba la leche y se obtenía manteca. Se cubría la boca con un plato de barro con un orificio, por el que sobresalía la vara del mazo, que se hacía girar con las manos para producir la manteca.

PORRÓN: Como característica diferenciada, el de Bonxe lleva dos asas superpuestas.

CACHELEIRA: En ella se ponían a escurrir los cachelos o patatas cocidas, y se iban cogiendo para comer. Al situarla sobre la cazuela de agua en la que se habían cocido, el vapor mantenía las patatas calientes.

ASADOR: Se utilizaba para asar al horno.

JARRA: De mayor tamaño y más estilizada que el jarro, se utilizaba para contener agua.

JARRO: Más pequeño y barrigón, se empleaba para servir el vino.

MIELERO: En esta vasija se contenía la miel, y el pitorro cerca de la base por el que se extraía solía taparse con un carozo de maíz. Tenía un canal en el hombro donde se ponía agua para que no entrasen las hormigas.

PUCHERO: De varios tamaños, para guardar agua y leche, también se utilizaba para ordeñar a las vacas.

PUCHERO ALMORCEIRO Y GORRETE: el primero de mayor tamaño que el segundo, se usaban en verano para llevar la comida a los agricultores al lugar del trabajo.

CAZUELA: Tienen una forma bastante baja y barriguda, se utilizaban para cocinar.

CANDIL DE ACEITE: No tenían una forma estándar, ya que no se pensaban para la venta sino para el uso particular.

CHOCOLATERA: Habitualmente tenían un asa en forma de rabo que salía de la barriga, y servía para hacer chocolate.

SELLA: Son piezas con formas y adornos muy variados, parecidas a las de madera. Se empleaban para transportar agua, aunque en Bonxe era más popular la olla para este uso.

JARRA DE CAÑA: Se empleaba para el vino o el orujo, y debe su nombre al pitorro, de forma alargada y prominente, por el que se podía beber de ella directamente, como si fuese un porrón. De hecho algunos alfareros modelaban formas animales, como perros, en este pitorro.

BARREÑÓN: En esta vasija se preparaba la zorza (preparado de carne de cerdo picada y adobada para hacer chorizos) durante la matanza del cerdo. Es de las pocas piezas que podían ir decoradas con un borde en el cuello y un cordón que rodeaba la superficie y que actuaban como refuerzo.







A música do tecido

LA MÚSICA DEL TEJIDO

Un son constante e rítmico resoa no obradoiro Belategui Regueiro. É o son dos fíos que veñen e van guiados polas lanzadeiras dos teares mentres van dando lugar a fermosas e orixinais composicións. Unha música que durante moitos anos estivo gardada na intimidade do fogar das mulleres que tecían os lenzos da roupa do fogar, e que agora cobra forza con prendas e complementos de vangarda, que procuran a versatilidade e a elegancia para satisfacer o máximo posible o futuro cliente. E é que para o artesán hoxe en día o máis importante é que as súas pezas non queden esquecidas e gardadas nun armario e que a artesanía tome as rúas como algo cotián.

As bobinas de fíos recobren os estantes do obradoiro Belategui Regueiro, en Cambre, unha sinfonía de cores e materias que van combinando nos teares para producir tecidos únicos e diferentes. Esta é a identidade dun obradoiro téxtil que nacía hai sete anos e no que traballan Luísa Estévez e Óscar Montero, dous apaixonados do tecido que día a día buscan novas composicións para crear pezas únicas.

Aínda que se podería dicir que o obradoiro é recente, de sempre estiveron vinculados ao oficio, aínda que comezou como unha afección. A través de cursos e traballando noutros obradoiros, decidiron dar o paso e formar

Un sonido constante y rítmico resuena en el taller Belategui Regueiro. Es el sonido de los hilos que vienen y van guiados por las lanzaderas de los telares mientras van dando lugar a hermosas y originales composiciones. Una música que durante muchos años estuvo guardada en la intimidad del hogar de las mujeres que tejían los lienzos de la ropa del hogar, y que ahora cobra fuerza con prendas y complementos de vanguardia, que buscan la versatilidad y la elegancia para satisfacer lo máximo posible al futuro cliente. Y es que para el artesano hoy en día lo más importante es que sus piezas no queden olvidadas y guardadas en un armario y que la artesanía tome las calles como algo cotidiano.

Las bobinas de hilos recubren las estanterías del taller Belategui Regueiro, en Cambre, una sinfonía de colores y materias que van combinando en los telares para producir tejidos únicos y diferentes. Esta es la identidad de un taller textil que nacía hace siete años y en el que trabajan Luísa Estévez y Óscar Montero, dos apasionados del tejido que día a día buscan nuevas composiciones para crear piezas únicas.

Aunque se podría decir que el taller es reciente, desde siempre han estado vinculados al oficio, aunque empezó como una afición. A través de cursos y trabajando en otros talleres, decidieron dar el paso y formar un proyecto

“Ti sentas diante do tear e, como non é unha máquina, podes cambiar, probar, e hai cousas que son produto da equivocación e sae algo diferente, pero que está moi ben”



propio, tan propio que su marca son los segundos apellidos de las madres de cada uno de ellos. “Eso implica que no puedes vender cualquier cosa, porque tu apellido va por delante”, actuando como garantía de la calidad del producto, indica Óscar. Un homenaje a sus madres a través de un oficio fundamentalmente femenino, “como sucede un poco en la cocina, las que cocinan son las mujeres pero los grandes nombres son hombres”, apunta al artesano.

Y fue Óscar el que más tiró por dar ese paso de lo *amateur* a lo profesional, insistiendo en que tenían habilidad y buscando formación especializada. Algo que como reconoce Luísa, no es fácil, “para aprender necesitas un telar para ti sola, no puedes llegar con dos agujas, o montar y desmontar de cada vez”. Poco a poco, Belategui Regueiro iba cobrando forma y fueron comprando los primeros telares hasta la actualidad, cuando han conseguido hacer un espacio propio con unos productos únicos.

un proxecto propio, tan propio que a súa marca son os segundos apelidos das nais de cada un deles. “Iso implica que non podes vender calquera cousa, porque o teu apelido vai por diante”, actuando como garantía da calidade do produto, indica Óscar. Unha homenaxe ás súas nais a través dun oficio fundamentalmente feminino, “como acontece un pouco na cociña, as que cociñan son as mulleres pero os grandes nomes son homes”, apunta o artesán.

E foi Óscar o que máis tirou por dar ese paso do *amateur* ao profesional, insistindo en que tiñan habilidade e buscando formación especializada. Algo que como reconece Luísa, non é fácil, “para aprender precisas un tear para ti soa, non é chegar con dúas agullas, ou montar e desmontar de cada vez”. Pouco a pouco, Belategui Regueiro ía cobrando forma e foron mercando os primeiros teares ata a actualidade, no que conseguiron facer un espazo propio cuns produtos únicos.



“Tú te sientas delante del telar y, como no es una máquina, puedes cambiar, probar, y hay cosas que son producto de la equivocación y sale algo diferente, pero que está muy bien”

A viabilidade deste obradoiro, de acordo cos artesáns que o levan, é grazas a que lograron crear unhas pezas diferenciadas. "Aquí identifícase a tecedura co liño, coa estopa..., e nós no que nos metemos foi na utilización da seda, da alpaca, nas mesturas de materiais que non se utilizaban tanto e que se empregaban pero doutra forma", explica Luísa. Así, a través de combinacións de liño con seda ou de alpaca con seda producen tecidos diferentes, dando lugar a novas texturas e caídas que aplican a chales, bufandas e bolsos, e que son moi ben acollidos entre o público. Tamén tentan darlle maior versatilidade ás prendas que confeccionan, que se poidan adaptar a diferentes idades e estilos, que un mesmo chal poida combinar cun conxunto moi elegante ou para unha cerimonia, e que se poida levar cun estilo máis casual sen ningún problema.

O agasallo de empresa é outra das vías de negocio, aínda que neste caso recoñecen que está menos aberto á improvisación, xa que adoitan solicitar un estilo máis clásico. A aparición do xacemento romano na vila de Cambre durante uns traballos no ano 1998 deu lugar a unha idea como regalo institucional. Mediante a técnica das colchas tradicionais, o gorullo, elaboraron unhas toallas en liño co debuxo do polbo atopado nestas ruínas e que se converteu nun dos seus símbolos máis identificativos. Unha proposta como agasallo institucional para demostrar as posibilidades que a artesanía local pode ofrecer e crear algo único e especial.

La viabilidad de este taller, de acuerdo con los artesanos que lo llevan, es gracias a que han logrado crear unas piezas diferenciadas. "Aquí se identifica la tejeduría con el lino, la estopa..., y nosotros en lo que nos hemos metido ha sido en la utilización de la seda, la alpaca, en las mezclas de materiales que no se utilizaban tanto o que se empleaban pero de otra forma", explica Luísa. Así, a través de combinaciones de lino con seda o de alpaca con seda producen tejidos diferentes, dando lugar a nuevas texturas y caídas que aplican a chales, bufandas y bolsos, y que son muy bien acogidos entre el público. También intentan dar una mayor versatilidad a las prendas que confeccionan, que se puedan adaptar a diferentes edades y estilos, que un mismo chal pueda combinar con un conjunto muy elegante o para una ceremonia, y que se pueda llevar con un estilo más casual sin ningún problema.

El regalo de empresa es otra de las vías de negocio, aunque en este caso reconocen que está menos abierto a la improvisación, ya que suelen solicitar un estilo más clásico. La aparición del yacimiento romano en el pueblo de Cambre durante unos trabajos en el año 1998 dio lugar a una idea como regalo institucional. Mediante la técnica de las colchas tradicionales, el gorullo, elaboraron unas toallas en lino con el dibujo del pulpo encontrado en estas ruínas y que se convirtió en uno de sus símbolos más identificativos. Una propuesta como presente institucional para demostrar las posibilidades que la artesanía local puede ofrecer y crear algo único y especial.

INNOVACIÓN E TRADICIÓN

No chan do obradoiro hai uns prototipos de alfombras en la maragata e algodón que están a probar para ver se poden ser unha nova tipoloxía de produtos que ofrecer. Tamén queda pendurada unha lámpada de la que fracasou finalmente, pero que lles lembra que cómpre intentalo. "Témola como escarnio", ri Óscar, pero asegura que no seu traballo sempre están procurando innovar. Buscan tecidos diferentes, "a seda é fría e esvara, a alpaca ten máis pelo e é máis rugosa, ao combinalas conseguimos un tecido finísimo, porque é moi delgadinho pero ten unha capacidade de abrigo impresionante e unha caída preciosa", apunta Luísa. E ensinan un chal que alterna as cores tomando como base a proporción áurea, uns deseños que comezan dunha forma e rematan doutra. "Ti sentas diante do tear e, como non é unha máquina, podes cambiar, probar, e hai cousas que son produto da equivocación e sae algo diferente, pero que está moi ben. Neste caso probas, apostas por iso, aínda que non vaia chegar a moita xente", comenta o artesán. Tamén experimentaron con materiais como a proteína de leite ou o millo, pero sobre todo traballan co liño, coa alpaca e coa seda.

O máis importante, en calquera caso, é a satisfacción polo uso dos seus produtos. Para Luísa non hai nada mellor que alguén lle comente que usa moito unha prenda



INNOVACIÓN Y TRADICIÓN

En el suelo del taller hay unos prototipos de alfombras en lana maragata y algodón que están probando para ver si pueden ser una nueva tipología de productos que ofrecer. También queda colgada una lámpara en lana que fracasó finalmente, pero que les recuerda que hay que intentarlo. "La tenemos como escarnio", bromea Óscar, pero asegura que en su trabajo siempre están intentando innovar. Buscan tejidos diferentes, "la seda es fría y resbala, la alpaca tiene más pelo y es más rugosa, al combinarlas conseguimos un tejido finísimo, porque es muy delgadito pero tiene una capacidad de abrigo impresionante y una caída preciosa", apunta Luísa. Y enseñan un chal que alterna los colores tomando como base la proporción áurea, unos diseños que comienzan de una forma y terminan de otra. "Tú te sientas delante del telar y, como no es una máquina, puedes cambiar, probar, y hay cosas que son producto de la equivocación y sale algo diferente, pero que está muy bien. En este caso pruebas, apuestas por eso, aunque no vaya a llegar a mucha gente", comenta el artesano. También experimentaron con materiales como la proteína de leche o el maíz, pero sobre todo trabajan con el lino, la alpaca y la seda.

Lo más importante, en cualquier caso, es la satisfacción por el uso de sus productos. Para Luísa no hay nada mejor que el hecho de que alguien le comente que usa mucho





elaborada no seu obradoiro. “Aínda que manteñas unha base na tradición, tes que facer prendas útiles, non para gardar nun armario”, comenta. Pero en todo caso, sempre destacan o aprecio polo tecido en Galicia e en xeral na cornixa cantábrica. “Cando levamos o tear e facemos exhibicións, percibimos moitísimo o cariño da xente, os nenos alucinan e son os que nos fan as preguntas máis atinadas. As persoas maiores lémbromo da casa, dunha nai ou dunha tía, pero asóciano ás sabas ou lenzos da casa”, pero Luísa reconece que como afección é complicado, xa que require unha aprendizaxe e un investimento. Hai persoas que chegan interesadas en aprender a tecer, pero unha vez que descubren todo o proceso que hai detrás, ven que é moito máis traballo que o simple pedaleo.

Para Óscar e Luísa o ideal sería a posta en valor do traballo artesán. Por iso non están interesados na venda dos seus produtos por internet, porque consideran que para poder apreciarlos realmente é preciso tocarlos e coñecer o proceso que hai detrás, e para eles a rede non lle ofrece esa posibilidade. A venda no obradoiro, noutras tendas ou en feiras profesionais son para eles as mellores vías para chegar ao seu cliente. E de momento funciona, porque a súa intención non é que o obradoiro medre moito máis. “Non me gustaría medrar tanto que deixase de ser tecelá para ser xestora, que é o que pasa en moitas empresas”, comenta Luísa, “nós o que defendemos é seguir a facer isto, que te valoren”.

una prenda elaborada en su taller. «Aunque mantengas una base en la tradición, tienes que hacer prendas útiles, no para guardarlas en un armario», comenta. Pero en todo caso, siempre destacan el aprecio por el tejido en Galicia y en general en la cornisa cantábrica. “Cuando llevamos el telar y hacemos exhibiciones, percibimos mucho el cariño de la gente, los niños alucinan y son los que nos hacen las preguntas más acertadas. Las personas mayores lo recuerdan de casa, de una madre o una tía, pero lo asocian a las sábanas o lienzos de la casa”; aun así Luísa reconoce que como afición es complicado, ya que requiere un aprendizaje y una inversión. Hay personas que llegan interesadas en aprender a tejer, pero una vez que descubren todo el proceso que hay detrás, ven que es mucho más trabajo que el simple pedaleo.

Para Óscar y Luísa lo ideal sería la puesta en valor del trabajo artesano. Por eso no están interesados en la venta de sus productos por internet, porque consideran que para poder apreciarlos realmente es necesario tocarlos y conocer el proceso que hay detrás, y para ellos la red no le ofrece esa posibilidad. La venta en el taller, en otras tiendas o en ferias profesionales son para ellos las mejores vías para llegar a su cliente. Y de momento funciona, porque su intención no es que el taller crezca mucho más. “No me gustaría crecer tanto que dejase de ser tejedora para ser gestora, que es lo que pasa en muchas empresas”, comenta Luísa, “nosotros lo que defendemos es seguir haciendo esto, que te valoren”.



“Non me gustaría medrar tanto que deixe de ser tecelá para ser xestora, que é o que pasa en moitas empresas, nós o que defendemos é seguir a facer isto, que te valoren”



O TECIDO EN BAIXO LIZO

No obradoiro Belategui Regueiro elaboran produtos como chales, bufandas ou bolsos, principalmente en teares de baixo lizo. A diferenza do do alto lizo, que traballa cun bastidor en vertical, neste caso o tecido vaise facendo en horizontal. Antes de comezar a tecer hai un amplo traballo, que arranca coa decisión da peza, dos materiais e das cores a empregar.

Na urdideira prepáranse os fíos a empregar, todos coa mesma distancia e tensión. Mediante as voltas á urdideira calcúlanse as distancias. Unha vez que se teñen os fíos preparados, conséguese unha trenza, que é o que se vai colocar no tear. Os fíos colócanse no tear para formar a urdime, proceso coñecido como urdido, vanse distribuindo nun peite para que a colocación sexa homoxénea. É preciso que se coloquen en orde, sen cruzar, e enfiáanse os lizos. A urdime trázase segundo os puntos a realizar: unha determinada colocación dos fíos permite unha serie de puntos; mentres que un fío non colocado no lizo adecuado implica unha tara lonxitudinal. Por iso é moi importante a realización deste proceso, xa que un erro condiciona a calidade do produto. Finalmente, conéctanse os lizos aos pedais, e entón é cando se pode comezar a tecer.

Segundo a combinación do movemento dos pedais, permítese un tipo de punto ou outro. É preciso que a tensión sexa homoxénea, ao igual que a forza coa que se abatana o tecido. Nalgúns casos pódese procurar unha irregularidade controlada, pero o habitual é buscar un resultado uniforme. Unha vez que está tecido, cómpre cortar e rematar a peza e facer os flocos, para ter a peza finalizada.

Belategui Regueiro
Lugar de Outeiro 15, Cambre
Tel.: +34 981 674 557

obradoiro@belateguiregueiro.com
www.belateguiregueiro.com

Carta de artesá / Carta de artesana nº 2.502 (Luisa)
Carta de artesán / Carta de artesano nº 2.499 (Óscar)
Obradoiro artesán / Taller artesano nº 586

“No me gustaría crecer tanto que dejase de ser tejedora para ser gestora, que es lo que pasa en muchas empresas, nosotros lo que defendemos es seguir haciendo esto, que te valoren”

EL TEJIDO EN BAJO LIZO

En el taller Belategui Regueiro se elaboran productos como chales, bufandas o bolsos, principalmente en telares de bajo lizo. A diferencia del de alto lizo, que trabaja con un bastidor en vertical, en este caso el tejido va haciéndose en horizontal. Antes de empezar a tejer hay un amplio trabajo, que arranca con la decisión de la pieza, los materiales y los colores a emplear.

En el urdidor se preparan los hilos que se van a utilizar, todos con la misma distancia y tensión. Mediante las vueltas al urdidor se calculan las distancias. Una vez que se tienen los hilos preparados, se consigue una trenza, que es lo que se colocará en el telar. Los hilos se colocan en el telar para formar la urdimbre, proceso conocido como urdido, van distribuyéndose en un peine para que la colocación sea homogénea. Es necesario que se coloquen en orden, sin cruzar, y se enhebran los lizos. La urdimbre se traza según los puntos que se van a realizar: una determinada colocación de los hilos permite una serie de puntos; mientras que un hilo no colocado en el lizo adecuado implica una tara longitudinal. Por eso es muy importante la realización de este proceso, ya que un error condiciona la calidad del producto. Finalmente, se conectan los lizos a los pedales, y entonces es cuando se puede comenzar a tejer.

Según la combinación del movimiento de los pedales, se permite un tipo de punto u otro. Es necesario que la tensión sea homogénea, al igual que la fuerza con la que se abatana el tejido. En algunos casos puede procurarse una irregularidad controlada, pero lo habitual es buscar un resultado uniforme. Una vez que está tejido, hace falta cortar y terminar la pieza y hacer los flecos, para tener la pieza finalizada.





Lúa nova

LUNA NUEVA

Como se estrease zapatos novos. Hai arredor de seis meses que Media Lúa cambiou de local en Santiago de Compostela, despois de máis de 12 anos traballando na cidade, e o balance non pode ser máis positivo. Un magnífico espazo no casco histórico, onde as pezas tanto dos artesáns que traballan nesta tenda-obradoiro como doutros creadores, gañan en presenza e chegan ao público en todo o seu esplendor. Ana Serra, a artesá que fundou Media Lúa, sabe que este resultado se debe en boa parte á forma na que busca chegar ao cliente, xa que un produto de calidade coma o que ela elabora merece unha presentación coidada e especial.

O produto artesán esixe un vínculo especial co consumidor. O cliente quere coñecer como é a súa elaboración, o contexto desa peza feita á man. A intensa relación entre o obradoiro e o cliente pode que estea detrás do éxito de Media Lúa. Hai doce anos que nacía en Santiago de Compostela esta tenda-obradoiro especializada en marroquinería. Ana Serra, a artesá que está detrás da marca, cre que esta é a fórmula ideal para que o seu produto lle chegue o mellor posible ao cliente.

E non debe de ir moi desencamiñada, porque no medio dunha conxuntura económica como a actual, estrea espazo, moito máis amplo, e cuns primeiros resultados que empuñan cara ao optimismo. Había tempo que Ana e mais as dúas persoas que traballan con ela barallaban a necesidade de mudar de local, e aínda que fose obrigado –o anterior espazo no que estaba de aluguer foi posto á venda pola súa propietaria– queda claro que Media Lúa gañou co cambio. Neste novo espazo, unha parte atópase dedicada ao taller en exclusiva, visible a través dunha pequena fiestra no interior da tenda, onde as pezas contan con moito máis espazo para a exposición.

“Para min o taller é o gancho que ten a tenda”, explica Ana Serra, que non cre que unha cousa funcionase sen a



Como si estrenase zapatos nuevos. Hace casi seis meses que Media Lúa ha cambiado de local en Santiago de Compostela, tras más de doce años trabajando en la ciudad, y el balance no puede ser más positivo. Un magnífico espacio en el casco histórico, donde las piezas tanto de los artesanos que trabajan en esta tienda-taller como de otros creadores, ganan en presencia y llegan al público en todo su esplendor. Ana Serra, la artesana que fundó Media Lúa, sabe que este resultado se debe en gran medida a la forma en que busca llegar al cliente, ya que un producto de calidad como el que ella elabora merece una presentación cuidada y especial.

El producto artesano exige un vínculo especial con el consumidor. El cliente quiere conocer cómo es su elaboración, el contexto de esa pieza hecha a mano. La intensa relación entre el taller y el cliente puede que esté tras el éxito de Media Lúa. Van doce años desde que nacía en Santiago de Compostela esta tienda-taller especializada en marroquinería. Ana Serra, la artesana que está tras la marca, cree que esta es la fórmula ideal para que su producto llegue lo mejor posible al cliente.

Y no debe de ir muy desencaminada, porque en medio de una coyuntura económica como la actual, estrena espacio, mucho más amplio, y con unos primeros resultados que empuñan hacia el optimismo. Hacía tiempo que Ana y las dos personas que trabajan con ella barajaban la necesidad de cambiar de local, y aunque fuese por obligación –el anterior espacio en el que estaban fue puesto a la venta por su propietaria– queda claro que Media Lúa ha ganado con el cambio. En este nuevo espacio, una



“Hai un público que quere un regalo personalizado, poder encargar algo á medida, cousas diferentes, e aí estamos nós”

outra. Por iso deixou un espazo da tenda para situar unha mesa de traballo, á vista do público, “para que o taller estea sempre vivo”. Son as dúas vertentes do seu negocio, que se complementan, que se contribúen mutuamente, pero que tamén supoñen unha maior esixencia. Dunha banda, atender todas as necesidades que un obradoiro implica, como a negociación cos provedores, o deseño ou a fabricación; e doutra, a posta no mercado do seu produto, o xeito de expoñelo, de empacetalo, de promocionalo...

“Son dous negocios”, asegura Ana. Por iso na tenda non hai exclusivamente produtos de Media Lúa, senón que estes conviven con pezas doutros artesáns do coiro que, en absoluto, son competencia. De feito, ten máis que comprobado que a variedade de pezas que ofrece supón un maior atractivo para os clientes, xa que selecciona a artesáns con produtos moi diferentes dos seus propios, para poder ampliar a súa oferta.

Ana non considera que a fórmula de separar o obradoiro de artesanía e o punto de venda sexa menos complexa que a xestión da tenda-obradoiro. Hoxe en día, na súa opinión, é imposible non pensar no marketing, “o mercado é unha xungla”, tanto ten a fórmula que se empregue, e ese é un dos retos máis duros que como creadores teñen os artesáns na actualidade. Aínda así, reconece que a xestión dunha tenda é absorbente, co que adoptou un sistema de quendas de traballo e alterna unha semana de taller con outra de tenda, tarefas que comparte con Lola, outra artesá que leva máis de dez anos traballando con Ana en Media Lúa. “Se non fose así, non podería tocar o taller”, unha parte á que se dedica case integramente o terceiro pé de Media Lúa, Rober.

parte se encontra dedicada al taller en exclusiva, visible a través de una pequeña ventana en el interior de la tienda, donde las piezas cuentan con mucho más espacio para la exposición.

“Para mí, el taller es el gancho que tiene la tienda”, explica Ana Serra, que no cree que una cosa funcionase sin la otra. Es por eso que ha dejado un espacio de la tienda para ubicar una mesa de trabajo, a la vista del público, “para que el taller siempre esté vivo”. Son las dos vertentes de su negocio, que se complementan, que se aportan mutuamente, pero que también suponen una mayor exigencia. Por una parte, atender a todas las necesidades que un taller implica, como la negociación con los proveedores, el diseño o la fabricación; y por otra, la puesta en el mercado de su producto, el modo de exponerlo, empacutarlo, promocionarlo...

“Son dos negocios”, asegura Ana. Por eso en la tienda no hay exclusivamente productos de Media Lúa, sino que estos conviven con piezas de otros artesanos del cuero que en absoluto son competencia. De hecho, tiene más que comprobado que la variedad de piezas que ofrece supone un mayor atractivo para los clientes, ya que selecciona a artesanos con productos muy diferentes a los suyos propios, para poder ampliar su oferta.

Ana no considera que la fórmula de separar taller de artesanía y punto de venta sea menos compleja que la gestión de la tienda-taller. Hoy en día, en su opinión, es imposible no pensar en el marketing, “el mercado es una jungla”, da lo mismo qué fórmula se emplee, y ese es uno de los retos más duros que como creadores tienen los artesanos en la actualidad. Aun así, reconoce que la gestión de una tienda es absorbente, con lo que ha adoptado un sistema de turnos de trabajo y alterna una semana de taller con otra de atención al público, tareas que comparte con Lola, otra artesana que lleva más de diez años trabajando con Ana en Media Lúa. “De no ser así, no podría tocar el taller”, una parte a la que se dedica casi íntegramente la tercera pata de Media Lúa, Rober.

O CLIENTE FIEL

Malia o seu emprazamento, Ana sinala que non ten o turismo como un dos seus principais públicos, senón que é a xente de Santiago de Compostela e da comarca quen sostén o obradoiro. “A miña idea era ter un taller estable onde a xente puidese encargarse cousas. Así, co tempo, co boca á boca, vante coñecendo e cando precisan facer algo saben onde estás; para min iso funcionou”, asegura a artesá. “Creo que isto é algo cíclico, porque efectivamente, si que hai un público de centro comercial, pero hai outro público que non quere iso, que quere un regalo personalizado, poder encargarse algo á medida, cousas diferentes, e aí estamos nós”. Un consumidor que quere

EL CLIENTE FIEL

A pesar de su emplazamiento, Ana señala que no tiene al turismo como uno de sus principales públicos, sino que es la gente de Santiago de Compostela y comarca la que sostiene al taller. “Mi idea era tener un taller estable en el que la gente pudiese encargarse cosas. Así, con el tiempo, con el boca a boca, te van conociendo y cuando necesitan hacer algo saben dónde estás; para mí eso ha funcionado”, asegura la artesana. “Creo que esto es algo cíclico, porque efectivamente, sí que hay un público de centro comercial, pero hay otro público que no quiere eso, que quiere un regalo personalizado, poder encargarse algo a medida, cosas diferentes, y ahí estamos nosotros”. Un consumidor

“Hay un público que quiere un regalo personalizado, poder encargarse algo a medida, cosas diferentes, y ahí estamos nosotros”

“Só pola relación calidade-prezo, xa paga a pena mercar produtos de artesanía”

unha peza única e de calidade é o público obxectivo de Media Lúa, que con orgullo conseguiu ir fidelizando grazas ao aval que supoñen as súas creacións. Pero tamén empresas que desexan facer un agasallo especial e diferenciado, ou restaurantes que atopan na pel o soporte ideal para presentar os seus menús con elegancia e cun estilo único. “Só pola relación calidade-prezo, xa paga a pena mercar produtos de artesanía”, aínda que para Ana o prezo das súas pezas debería ser máis elevado, dado todo o traballo que hai detrás. “A costura que nós facemos é manual, co cal é moito máis duradeira, e ademais é reparable”, garantindo así un produto de alta calidade durante moitos anos.

Pode que este aval de calidade sexa o que faga que doce anos despois, Media Lúa continúe con máis forza ca nunca. “Nos últimos dous ou tres anos, o baixón económico foi tremendo. Moitas veces, impresióname poder manternos en pé, pero se aguantamos agora, significa que nos podemos manter, que queda un público que valora isto, por sorte, e que nos fai estar aquí”. A isto haille que engadir o pracer de traballar naquilo que máis lle satisfai, xa que para Ana, o coiro “engancha”. “Comecei moi nova, é un ramo que sempre me atraeu. Levo vinte e cinco anos neste oficio e ségueme encantando. Síntome unha privilegiada”, conclúe.

que quere una pieza única y de calidad es el público objetivo de Media Lúa, que con orgullo ha conseguido ir fidelizando gracias al aval que suponen sus creaciones. Pero también empresas que desean hacer un regalo especial y diferenciado, o restaurantes que encuentran en la piel el soporte ideal para presentar sus menús con elegancia y un estilo único. “Solo por la relación calidad-precio, ya vale la pena comprar productos de artesanía”, aunque para Ana el precio de sus piezas debería ser más elevado, dado todo el trabajo que hay detrás. “La costura que nosotros hacemos es manual, con lo cual es mucho más duradera, y además es reparable”, garantizando de este modo un producto de alta calidad durante muchos años.

Puede que este aval de calidad sea lo que haga que doce años después Media Lúa continúe con más fuerza que nunca. “En los últimos dos o tres años, el bajón económico ha sido tremendo. Muchas veces, me asombro de poder mantenernos en pie, pero si aguantamos ahora, significa que nos podemos mantener, que queda un público que valora esto, por suerte, y que nos hace estar aquí”. A esto hay que añadir el placer de trabajar en aquello con lo que más disfruta, ya que para Ana, el cuero “engancha”. “Empecé muy joven, es una rama que siempre me ha atraído. Llevo veinticinco años en este oficio y me sigue encantando. Me siento una privilegiada”, concluye.

“Solo por la relación calidade-prezo, xa paga a pena comprar produtos de artesanía”



Media Lúa
Ana Serra García
Rúa Algalia de Arriba, 27
15704 Santiago de Compostela
Tel.: 981 582 389
info@medialua.es
<http://www.medialua.es>
Carta de artesá / Carta de artesana nº 220
Obradoiro artesán / Taller artesano nº 241



UNHA FIESTRA AO CLIENTE

O escaparatismo é, sen dúbida, un dos puntos fortes de Media Lúa. Se ben a calidade dos seus produtos é a súa garantía, o medio para chegar ao potencial comprador non se pode descoidar. Así, xa son varias veces as que teñen sido recoñecidos polas creativas composicións dos seus escaparates. En 2007 o Concello de Santiago galardounos co premio SCQ Shopping, destacando “a economía de medios co que organiza o seu escaparate, construíndo unha harmoniosa e minimalista presentación dos seus produtos”. Na edición de primavera significaron unha composición de inspiración gastronómica, “un expositor que evoca a gorentosa presenza de produtos pasteleiros para chamar a atención sobre os produtos artesanais”, recollía o fallo do xurado. No Nadal de 2009, novamente recibiron o primeiro premio SCQ Shopping, nesta ocasión cunha orixinal proposta que convertía o escaparate nunha prolongación da rúa, onde podía verse a réplica de dúas persoas con bolsos de coiro, mirando cara ao interior da tenda.

A gastronomía foi outro acerto na convocatoria do Concurso de Escaparatismo Fórum Gastronómico 2010, onde novamente levou un primeiro premio. O xurado resaltou a calidade estética da composición, a integración da temática gastronómica, xa que incluían os seus produtos de coiro como atractivo “menú”; e finalmente a eficacia da mensaxe publicitaria, dado que introduciran carteis nos que lembraban que confeccionan produtos para a hostalería e a restauración. Para Ana Serra, este tipo de recoñecementos son moi importantes, xa que supoñen unha promoción moi intensa e ao mesmo tempo un pulo para seguir innovando. Así, moitas persoas interésanse pola tenda á raíz do fallo destes premios, e cada nova composición é un aliciente para descubrir que orixinal proposta será a seguinte. Unha excelente *mise en scène* para uns produtos de alta cociña que primeiro teñen que entrar pola vista.

UNA VENTANA AL CLIENTE

El escaparatismo es, sin duda, uno de los puntos fuertes de Media Lúa. Si bien la calidad de sus productos es su garantía, el medio para llegar al potencial comprador no puede descuidarse. Así, ya han sido varias ocasiones en las que han sido reconocidos por las creativas composiciones de sus escaparates. En 2007 el Concello de Santiago los galardonó con el premio SCQ Shopping, destacando “la economía de medios con la que organiza su escaparate, construyendo una armoniosa y minimalista presentación de sus productos”. En la edición de primavera significaron una composición de inspiración gastronómica, “un expositor que evoca la deliciosa presencia de productos pasteleros para llamar la atención sobre los productos artesanales”, recogía el fallo del jurado. En la Navidad de 2009, nuevamente recibieron el primer premio SCQ Shopping, en esta ocasión con una original propuesta que convertía al escaparate en una prolongación de la calle, donde podía verse la réplica de dos personas con bolsos de cuero, mirando hacia el interior de la tienda.

La gastronomía fue otro acierto en la convocatoria del Concurso de Escaparatismo Fórum Gastronómico 2010, donde de nuevo llevó un primer premio. El jurado resaltó la calidad estética de la composición, la integración de la temática gastronómica, ya que incluían sus productos de cuero como atractivo “menú”; y finalmente la eficacia del mensaje publicitario, dado que habían introducido carteles en los que recordaban que confeccionan productos para la hostelería y la restauración. Para Ana Serra, este tipo de reconocimientos son muy importantes, ya que suponen una promoción muy intensa y al mismo tiempo un impulso para seguir innovando. Así, muchas personas se han interesado por la tienda a raíz del fallo de estos premios, y cada nueva composición es un aliciente para descubrir qué original propuesta será la próxima. Una excelente *mise en scène* para unos productos de alta cocina que primero tienen que entrar por la vista.





NELLY SAUNIER MESTRA DE ARTE. UNHA PLUMASSIÈRE EN GALICIA

NELLY SAUNIER MAESTRA DE ARTE. UNA PLUMASSIÈRE EN GALICIA

Nelly Saunier, docente do curso “Oficios de moda. Plumería”, impartido en Gondomar entre o 25 e o 31 de outubro de 2010, relata neste texto as súas experiencias durante esta actividade formativa con artesáns galegos organizada pola Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño. Saunier é unha artista *plumassière*, unha profesional de recoñecido prestixio nas pasarelas internacionais grazas á súa mestría na aplicación da plumería á moda.

A Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño acolleume por primeira vez como docente dun curso de formación artesanal celebrado en Gondomar en outubro de 2010, co fin de transmitir os meus coñecementos tan particulares a un grupo de quince persoas.

Para esta primeira estada en Galicia, fun calorosamente acollida por unha familia apaixonada polos oficios da arte, entre os que estaba Albino Quinteiro, tecedor e coordinador deste proxecto de formación e quen, entre tanto, seleccionara os participantes.

O grupo, chegado de diferentes rexións e composto principalmente por mulleres, de idades e traxectorias moi diferentes, foime presentado despois dunha rápida visita pola rexión, deliciosamente situada entre o mar e a mon-

Nelly Saunier, docente del curso “Oficios de moda. Plumería”, impartido en Gondomar entre el 25 y el 31 de octubre de 2010, relata en este texto sus experiencias durante esta actividad formativa con artesanos gallegos organizada por la Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño. Saunier es una artista *plumassière*, una profesional de reconocido prestigio en las pasarelas internacionales gracias a su maestría en la aplicación de la plumería a la moda.

La Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño me acogió por primera vez como docente de un curso de formación artesanal celebrado en Gondomar en octubre de 2010, con el fin de transmitir mis conocimientos tan particulares a un grupo de quince personas.

En esta primera estancia en Galicia, fui calorosamente acogida por una familia apasionada por los oficios del arte, entre los cuales estaba Albino Quinteiro, tejedor y coordinador de este proyecto de formación y quien, entre tanto, había seleccionado a los participantes.

El grupo, llegado de diferentes regiones y compuesto principalmente por mujeres, de edades y trayectorias muy diferentes, me fue presentado tras una rápida visita por la región, deliciosamente ubicada entre el mar y la mon-

taña. Así, no corazón do obradoiro onde pasamos unha semana percorrendo as técnicas básicas da plumería, coñecín o alumnado e descubrín unha rica mestura de afeccionados apaixonados, profesionais, e mesmo estudantes como unha moza que veu buscar, no marco da súa formación como estilista de moda, a práctica máis do que a teoría.

Coa prezada colaboración de Aurea Di Carlo, quen se encargou da tradución entre o grupo e eu mesma ao longo da miña estadía, o primeiro contacto foi moi cálido e permitiu rapidamente entrar no miolo do tema. Apenas se abriron as primeiras caixas de plumas, sentín inmediatamente actuar a maxia do material e esa sensación non desapareceu durante todo o curso. Paso a paso, exercicio tras exercicio, puiden sentir o interese e o desexo crecente no conxunto do grupo, a motivación e a seriedade de cada un no descubrimento deste mundo tan particular da pluma e mesmo a súa fascinación ante as súas propias creacións.

A calidade da escoita e da atención que me prestaron contribuíu amplamente ao éxito deste proxecto. Etapa tras etapa, o curso desenvolveuse na riqueza, mesturada co simple pracer dun encontro entre apaixonados do "saber" feito á man.

Durante esta estadía, despois de todo, curta de máis para abranguer por completo a dimensión do lugar que pode ocupar a artesanía neste fermoso lugar, puiden apreender moi positivamente a vontade real do grupo por aprender e facelo ben. Agradézolle moi sinceramente aos meus "alumnos dun día" a súa grande cortesía, o seu respecto polo fermoso labor, a súa atención, a súa capacidade de adaptación e a súa vontade. Destaco tamén as calidades manuais de cada un e gardo a lembranza das súas fermosas personalidades.

taña. Así, en el corazón del taller donde pasamos una semana recorriendo las técnicas básicas de la plumería, conocí al alumnado y descubrí una rica mezcla de aficionados apasionados, profesionales, e incluso estudiantes como una chica que vino a buscar, en el marco de su formación como estilista de moda, la práctica más que la teoría.

Con la preciada colaboración de Aurea Di Carlo, quien se encargó de la traducción entre el grupo y yo misma a lo largo de mi estancia, el primer contacto fue muy caluroso y permitió rápidamente entrar en el meollo del tema. Apenas se abrieron las primeras cajas de plumas, sentí inmediatamente actuar la magia del material y esa sensación no desapareció durante todo del curso. Paso a paso, ejercicio tras ejercicio, pude sentir el interés y el deseo creciente en el conjunto del grupo, la motivación y seriedad de cada uno en el descubrimiento de este mundo tan particular de la pluma e incluso su fascinación ante sus propias creaciones.

La calidad de la escucha y de la atención que me prestaron contribuyó ampliamente al éxito de este proyecto. Etapa tras etapa, el curso se desarrolló en la riqueza, mezclada con el simple placer de un encuentro entre apasionados del "saber" hecho a mano.

Durante esta estancia, después de todo demasiado corta para abarcar por completo la dimensión del lugar que puede ocupar la artesanía en este bello lugar, pude apreender muy positivamente la voluntad real del grupo para aprender y hacerlo bien. Agradezco muy sinceramente a mis "alumnos de un día" su gran cortesía, su respeto por la hermosa labor, su atención, su capacidad de adaptación y su voluntad. Destaco también las calidades manuales de cada uno y guardo el recuerdo de sus hermosas personalidades.





O intercambio crea riqueza, o noso dinamismo posto en común permite pór en valor unha arte tan prezada como fráxil e que se inscribe moito máis alá das nosas diferenzas. O artesán implicado protexe valores que non teñen fronteiras.

Vivín unha experiencia enriquecedora e inesperada para a artista que eu son, xa que a miña motivación primeira é facer recoñecer este oficio, unha paixón que non deixo de promover a través da colaboración creativa e da transmisión do coñecemento desde hai vinte e cinco anos.

Agradézolle igualmente á Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño e a todos os actores implicados neste proxecto sen os que este fermoso encontro non tería sido posible.

El intercambio crea la riqueza; nuestro dinamismo puesto en común permite poner en valor un arte tan preciado como frágil y que se inscribe mucho más allá de nuestras diferencias. El artesano implicado protege valores que no tienen fronteras.

He vivido una experiencia enriquecedora e inesperada para la artista que soy, ya que mi motivación primera es hacer reconocer este oficio, una pasión que no deixo de promover a través de la colaboración creativa y de la transmisión del conocimiento desde hace veinticinco años.

Agradezco igualmente a la Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño y a todos los actores implicados en este proyecto sin los cuales este hermoso encuentro no hubiese sido posible.



NELLY SAUNIER, MODA E ARTESANÍA

Jean Paul Gaultier é un dos nomes indiscutibles da moda, que cada vez que sobe as súas coleccións á pasarela suscita expectación, sorpresa e enfeitiza o seu público con prendas únicas e espectaculares. Como aquel inesquecible “bolero-loro”, unha creación de 1991 e que forma parte da historia da alta costura, unha prenda cuberta por fantásticas plumas de excéntricas cores deseñado por este *enfant terrible* da moda e que contou cunhas mans moi habilidosas e coñecedoras do oficio da plumería, Nelly Saunier.

Dior, Chanel, Paco Rabanne ou Givenchy son outras das casas internacionais de alta costura que se puxeron nas mans de Saunier para lle dar forma aos seus deseños. Esta creadora parisiense, do selecto club dos “mestres de arte”, conservou en solitario un antigo oficio, o da plumería, que na actualidade exercen apenas catro ou cinco artesáns en Francia. Un compromiso que mantén desde hai máis de trinta anos, fascinada polo material, a pluma, e polas súas inmensas posibilidades. Son mans que habitualmente permanecen anónimas pero que desenvolven un papel clave no mundo da moda, e principalmente da alta costura neste caso, componendo eses aderezos únicos e especiais que fan que un vestido brille de forma diferente e se converta nunha verdadeira obra de arte, cargada de beleza e de forza estética.

NELLY SAUNIER, MODA Y ARTESANÍA

Jean Paul Gaultier es uno de los nombres indiscutibles de la moda, que cada vez que sube sus colecciones a la pasarela suscita expectación, sorpresa y embelesa a su público con prendas únicas y espectaculares. Como aquel inolvidable “bolero-loro”, una creación de 1991 y que forma parte de la historia de la alta costura: una prenda cubierta por fantásticas plumas de excéntricos colores diseñado por este *enfant terrible* de la moda y que contó con unas manos muy habilidosas y conocedoras del oficio de la plumería, Nelly Saunier.

Dior, Chanel, Paco Rabanne o Givenchy son otras de las casas internacionales de alta costura que se han puesto en las manos de Saunier para dar forma a sus diseños. Esta creadora parisiense, del selecto club de los “maestros del arte”, ha conservado en solitario un antiguo oficio, el de la plumería, que en la actualidad ejercen apenas cuatro o cinco artesanos en Francia. Un compromiso que mantiene desde hace más de treinta años, fascinada por el material, la pluma, y por sus inmensas posibilidades. Son manos que habitualmente permanecen anónimas pero que desarrollan un papel clave en el mundo de la moda, y principalmente de la alta costura en este caso, componiendo esos adornos únicos y especiales que hacen que un vestido brille de forma diferente y se convierta en una verdadera obra de arte, cargada de belleza y de fuerza estética.

A orixe do oficio de artista *plumassier* é relativamente antiga, de cando os monarcas da Idade Media e principalmente da Idade Moderna ofrecían festas en palacio e pretendían resplandecer cos seus vestidos, recorrendo para isto a cantos luxos fose posible, entre eles, evidentemente, estaban as plumas. No século XIII, o *plumassier* era coñecido coma o "sombreireiro do pavo real", mentres que en 1581 era chamado "*plumassier* de penacho". Non foi ata 1692 cando foi finalmente recoñecido na lista de oficios e se converteu no "mestre penachista, *plumassier*, florista e adornista". A duración da aprendizaxe era daquela de seis anos, aos que seguía un período de catro anos de práctica preciso para acadar o status de Mestre.

Aínda así, o oficio de *plumassier* non se remonta moito máis alá dun século atrás, se nos referimos ao creador de adornos destinados a sublimar unha prenda. Un dos momentos no que as plumas comezan a introducirse como adornos de moda, con certa espectacularidade no seu uso como ornamento, é no século XVIII, cando Rose Bertin confeccionaba peiteados monumentais adornados con penachos de plumas para a raíña María Antonieta. En todo caso, en Francia, a idade de ouro da pluma sitúase entre os anos 1860 e 1870, e acada o seu apoxeo a primeiros do século XX. En 1820 contábanse cincuenta e un *plumassiers*, chegando a superar os catrocentos en 1929, para caer a sesenta e oito tras a Segunda Guerra

El origen del oficio de artista *plumassière* es relativamente antiguo, de cuando los monarcas de la Edad Media y principalmente en la Edad Moderna ofrecían fiestas en palacio y pretendían deslumbrar con sus vestidos, recurriendo para ello a cuantos lujos hubiese, entre ellos, evidentemente, estaban las plumas. En el siglo XIII, el *plumassier* era conocido como el "sombreiro del pavo real", mientras que en 1581 se le llamaba "*plumassier* de penacho". No fue hasta 1692 cuando fue finalmente reconocido en la lista de oficios y se convirtió en "maestro penachista, *plumassier*, florista y adornista". La duración del aprendizaje era en aquel entonces de seis años, a los que seguía un período de cuatro años de práctica, necesario para alcanzar el estatus de Maestro.

Aun así, el oficio de *plumassier* no se remonta mucho más de un siglo atrás, si nos referimos al creador de adornos destinados a sublimar una prenda. Uno de los momentos en el que las plumas empiezan a introducirse como adornos de moda, con cierta espectacularidad en su uso como ornamento, es en el siglo XVIII, cuando Rose Bertin confeccionaba peinados monumentales adornados con penachos de plumas para la reina María Antonieta. En todo caso, en Francia, la edad de oro de la pluma se sitúa entre los años 1860 y 1870, y alcanza su apogeo a principios del siglo XX. En 1820 se contaban cincuenta y un *plumassiers*, llegando a superar los cuatrocientos en



Mundial. Hoxe en día non superan os cinco profesionais da arte da plumería.

O inglés Charles Frederick Worth funda en 1858 en París a primeira casa de moda, na que ofrece coleccións de moda diferentes e orixinais, confeccionadas a medida. Deseguida atrae a un público de clase social alta que se interesa polas súas prendas como se se tratasen de obras de arte. Así, a clave do éxito de Worth está na súa colaboración con artesáns que aplican a súa sabedoría e o dominio da técnica e do oficio ás súas creacións de moda, ao luxo e á creatividade da alta costura que nacía naquel momento. Son bordadores, pasamaneiros, sombreireiros, xoieros..., que rapidamente deixan de ser meros executores para asumir o papel de creadores e de colaboradores dos propios modistos. Eles dan lugar á “muller ornamentada”, unha tendencia popular na *belle époque*. Grandes deseñadores, como a mismísima Coco Chanel, farán destes artesáns os socios indispensables para desenvolver ao máximo a súa inventiva e a súa creatividade.

Nelly Saunier é o vivo exemplo deses artesáns vinculados ao glamuroso mundo da moda, pero tamén é profesora de plumería no parisiense instituto Octave Feuille, onde pretende transmitir os seus coñecementos e así perpetuar este oficio. Ademais, tanto como deseñadora como tamén na súa faceta de artista plástica, crea numerosas obras propias e colabora con outros deseñadores, modistos ou decoradores.

O OFICIO

Hoxe en día, o oficio da plumería diminuíu en comparación coa cantidade de artesáns que se dedicaban a el a primeiros do século XX. Para atopar a orixe deste oficio é preciso remontarse case á orixe da humanidade, e non debe sorprendernos, xa que a pluma é das materias máis facilmente adquiribles na natureza. Na nosa memoria figura como un pequeno tesouro da infancia que aparecía nos nosos paseos pola natureza, nas xornadas de praia ou mesmo na cidade. Trátase dunha das formas máis sinxelas que ofrece a fauna, un recurso que entrega a natureza e que convida a descubri-lo e a apropiarse del.

A pluma, elemento central da arte da plumería, é unha materia cunha forte carga simbólica, que sempre foi utilizada como ornamento en diferentes civilizacións. Serviu como material de distinción para o ser humano, ao ser utilizado como adorno, sendo esta a forma máis sinxela de exhibir os trofeos. Implicaba un certo status social, e permitía exteriorizar esa situación ou afirmar a personalidade. Foi un símbolo de riqueza, coma o cazador que lucía unha pluma no seu pelo unha vez que capturaba algunha ave. Era un recoñecemento cara a si mesmo e tamén cara aos demais. Unha orixe sinxela que foi asentando na ornamentación e que chega ata os nosos días

1929, para caer a sesenta e oito tras la Segunda Guerra Mundial. Hoy en día no superan los cinco profesionales del arte de la plumería.


El inglés Charles Frederick Worth funda en 1858 en París la primera casa de moda, en la que ofrece colecciones de moda diferentes y originales, confeccionados a medida. Enseguida atrae a un público de clase social alta que se interesa por sus prendas como si se tratase de obras de arte. Así, la clave del éxito de Worth está en su colaboración con artesanos que aplican su sabiduría y el dominio de la técnica y el oficio a sus creaciones de moda, al lujo y a la creatividad de la alta costura que nacía en aquel momento. Son bordadores, pasamaneros, sombrereros, joyeros..., que rápidamente dejan de ser meros ejecutores para asumir el papel de creadores y colaboradores de los propios modistos. Ellos dan lugar a la “mujer ornamentada”, una tendencia popular en la *belle époque*. Grandes diseñadores, como la mismísima Coco Chanel, harán de estos artesanos los socios indispensables para desarrollar al máximo su inventiva y creatividad.

Nelly Saunier es el vivo ejemplo de esos artesanos vinculados al glamuroso mundo de la moda, pero también es profesora de plumería en el parisino instituto Octave Feuille, donde pretende transmitir sus conocimientos y así perpetuar este oficio. Además, tanto como diseñadora como también en su faceta de artista plástica, crea numerosas obras propias y colabora con otros diseñadores, modistos o decoradores.

EL OFICIO

Hoy en día, el oficio de la plumería ha disminuido en comparación con la cantidad de artesanos que se dedicaban a él a principios del siglo XX. Para hallar el origen de este oficio es necesario remontarse casi al origen de la humanidad, y no debe sorprendernos, ya que la pluma es de las materias más fácilmente asequibles en la naturaleza. En nuestra memoria figura como un pequeño tesoro de la infancia que aparecía en nuestros paseos por la naturaleza, en las jornadas de playa o incluso en la ciudad. Se trata de una de las formas más sencillas que ofrece la fauna, un recurso que ofrece la naturaleza y que invita a descubrirlo y apropiarse de él.

La pluma, elemento central del arte de la plumería, es una materia con una fuerte carga simbólica, que siempre ha sido utilizado como ornamento en diferentes civilizaciones. Ha servido como material de distinción para el ser humano, al ser utilizado como adorno, siendo esta la forma más sencilla de exhibir los trofeos. Implicaba un cierto estatus social, y permitía exteriorizar esa situación o afirmar la personalidad. Ha sido un símbolo de riqueza, como el cazador que lucía una pluma en su pelo una vez que había capturado a algún ave. Era un reconocimiento hacia sí mismo y también hacia los demás. Un origen




da forma máis variada posible, con rituais diferenciados ao longo do planeta e do tempo, pero que comparten esa base do adorno como un status precioso.

O material elemental deste oficio, a pluma, é unha materia viva e en principio atópase de xeito abundante na natureza. De feito, e como xa vimos, sempre foron empregadas como ornamento do corpo, na moda e como abrigo, na roupa do fogar. As aves, xa sexan máis ou menos exóticas, son os mellores provedores de materia prima, pero hai que ter en conta que é preciso situar certos límites á hora da súa utilización. Desde 1975 impúxose unha restrición debido á convención de Washington sobre o comercio internacional de especies de flora e de fauna salvaxes en perigo de extinción. Na actualidade, só poden empregarse plumas que proveñan de aves que foran criadas e destinadas ao consumo de carne. De aí que as existencias de plumas antigas teñan a consideración de verdadeiros tesouros, pero aínda así, a natureza ofrece amplas posibilidades, con especies coma o galo, o faisán, a avestruz, a perdiz, a pintada ou o pavo.

sencillo que se ha ido asentando en la ornamentación y que llega hasta nuestros días de la forma más variada posible, con rituales diferenciados a lo largo del planeta y del tiempo, pero que comparten esa base del adorno como un estatus precioso.

El material elemental de este oficio, la pluma, es una materia viva y en principio se encuentra de manera abundante en la naturaleza. De hecho y como hemos visto, siempre han sido utilizadas como ornamento del cuerpo, en la moda y como abrigo, en ropa de hogar. Las aves, ya sean más o menos exóticas, son los mejores proveedores de materia prima, pero hay que tener en cuenta que es necesario situar ciertos límites a la hora de su utilización. Desde 1975 se ha impuesto una restricción debido a la convención de Washington sobre el comercio internacional de especies de flora y fauna salvaje en peligro de extinción. En la actualidad, solo pueden utilizarse plumas que provengan de aves que hayan sido criadas y destinadas al consumo de carne. De ahí que las existencias de plumas antiguas tengan la consideración de verdaderos tesoros, pero aun así, la naturaleza ofrece amplias posibilidades, con especies como el gallo, el faisán, la avestruz, la perdiz, la pintada o el pavo.





Espazos On-Off da Cidade da Cultura

ESPACIOS ON&OFF DE LA CIDADE DA CULTURA

A Cidade da Cultura de Galicia dá os seus primeiros pasos e un dos atractivos cos que conta o complexo son dous espazos nos que a artesanía e o deseño se dan a man, unindo vangarda e tradición, como se debe esixir nunha contorna destas características. Trátase dos espazos ON/OFF, dúas zonas integradas concebidas para o esparexemento dos visitantes. Desde Galicia, os artesáns Arturo Álvarez e Idoia Cuesta, así como a empresa de mobiliario Martínez Otero, déronlle forma a este proxecto de Martín Azúa, un dos máis prestixiosos deseñadores españois na actualidade. Unha vía única para descubrir o potencial tanto cultural como a nivel de deseño do produto feito á man.

La Cidade da Cultura de Galicia da sus primeros pasos y uno de los atractivos con los que cuenta el complejo son dos espacios en los que artesanía y diseño se dan la mano, uniendo vanguardia y tradición, como debe exigirse en un entorno de estas características. Se trata de los espacios ON/OFF, dos zonas integradas concebidas para el esparcimiento de los visitantes. Desde Galicia, los artesanos Arturo Álvarez e Idoia Cuesta, así como la empresa de mobiliario Martínez Otero, han dado forma a este proyecto de Martín Azúa, uno de los más prestigiosos diseñadores españoles en la actualidad. Una vía única para descubrir el potencial tanto cultural como a nivel de diseño del producto hecho a mano.

Está chamado a ser o polo da creación cultural en Galicia, e unha das primeiras iniciativas da Cidade da Cultura foi unir deseño e artesanía. Trátase dun proxecto de Martín Azúa, deseñador e profesor na Escola Superior de Deseño Elisava (Barcelona). Este licenciado en Belas Artes na especialidade de Deseño pola Universidade de Barcelona e posgraduado en Arquitectura e Deseño de Montaxes Efémeras pola Universidade Politécnica da mesma cidade, recibiu a encomenda de idear no macrocomplexo do Gaiás dous espazos integrados, un con maior carga de actividade e outro destinado ao descanso. Así naceron os espazos ON/OFF, o primeiro destinado a repoñer enerxía e o segundo de estética relaxada, que constitúen un dos primeiros atractivos do Monte Gaiás.

Está chamado a ser el polo de la creación cultural en Galicia, y una de las primeras iniciativas de la Cidade da Cultura ha sido unir diseño y artesanía. Se trata de un proyecto de Martín Azúa, diseñador y profesor en la Escuela Superior de Diseño Elisava (Barcelona). Este licenciado en Bellas Artes en la especialidad de Diseño por la Universidad de Barcelona y posgraduado en Arquitectura y Diseño de Montajes Efímeros por la Universidad Politécnica de la misma ciudad, recibió el encargo de idear en el macrocomplejo del Gaiás dos espacios integrados, uno con mayor carga de actividad y otro destinado al descanso. Así nacieron los espacios ON/OFF, el primero destinado a reponer energía y el segundo de estética relajada, que constituyen uno de los primeros atractivos del Monte Gaiás.



Azúa imprimiu nestes espazos a súa concepción do deseño como algo útil e básico, que caracteriza as súas creacións. De feito, a súa obra valeulle o premio AD “Mellor Diseñador 2010” e é un dos poucos artistas nacionais con obra fixa no MoMA de Nova York. Ademais, tamén ten pezas na colección do Vitra Design Museum, no Museo de Artes Decorativas de Barcelona e no Centro de Arte La Panera de Lleida. Aínda que está asentado en Barcelona, é natural do País Vasco, un feito que condiciona, segundo el mesmo, que os seus traballos se acheguen á natureza e manteñan un vínculo co rural. Mantén unha colaboración con diferentes empresas, como Nanimarquina, Cosmic, Unión Suiza ou Camper, ademais de realizar proxectos de carácter máis experimental que foron mostrados en exposicións individuais e colectivas en Barcelona, Milán, Londres, Berlín, París, Viena, Nova York, Tokio ou Pekín, entre outras.

Azúa imprimió en estos espacios su concepción del diseño como algo útil y básico, que caracteriza sus creaciones. De hecho, su obra le ha valido el premio AD “Mejor Diseñador 2010” y es uno de los pocos artistas nacionales con obra fija en el MoMA de Nueva York. Además, también tiene piezas en la colección del Vitra Design Museum, en el Museo de Artes Decorativas de Barcelona y en el Centro de Artes La Panera de Lleida. Aunque está asentado en Barcelona, es natural del País Vasco, un hecho que condiciona, según él mismo, que sus trabajos se acerquen a la naturaleza y mantengan un vínculo con lo rural. Mantiene una colaboración con diferentes empresas, como Nanimarquina, Cosmic, Unión Suiza o Camper, además de realizar proyectos de carácter más experimental que han sido mostrados en exposiciones individuales y colectivas en Barcelona, Milán, Londres, Berlín, París, Viena, Nueva York, Tokio o Pekín, entre otras.



